



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 JUL 2024 17:42:33

Entrada **34563**

Pregunta sobre os retrasos nos servizos ferroviarios na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos frecuentes atrasos nos servizos ferroviarios e medidas a adoptar.**

O Ministerio de Transportes é consciente da acumulación de problemas que arrastra o sistema ferroviario na Galiza. Todos os días se produce algunha incidencia, avaría ou problemas de abastecemento de enerxía, cos consecuentes atrasos nos servizos ferroviarios, que poñen ao límite a paciencia dos usuarios e usuarias de tren.

Comezamos a tempada de setembro denunciando os constantes atrasos e a falta de prazas nos servizos do Eixo Atlántico na Galiza, nos MD e Avant que foron especialmente recorrentes até os primeiros meses deste ano, causando numerosas queixas por parte dos usuarios e usuarias.

Houbo que esperar polos trens Avril máis alá dos prazos comprometidos, cando xa viñan precedidos por dous anos de demoras. O baile de datas e os continuos postergamentos foron a tónica na implantación dos Avril. Miles de galegos e galegas esperaron expectantes á data anunciada polo Ministro do 1 de marzo para poder comprar os billetes, con todo, nos días previos fíxose público que non se poñerían á venda. Para “compensar” o Ministerio lanzou 2.000 billetes de oferta Madrid-Galiza a partir do 11 de marzo cun sistema de venda deficitario que rexistrou colas dixitais de máis dunha hora de espera.

As obras de ampliación da praia de vías na estación madrileña de Chamartín-Clara Campoamor provocaron unha remodelación dos servizos e están a causar demoras que, xunto co roubo de cobre, caídas de catenas e falta de





subministración eléctrica e outras avarías, están a converter as viaxes ferroviarias nunha carreira de imprevistos que afecta os trens Alvia, aos Avril e agora aos Avlo a e desde Galiza.

Os trens Avril estreáronse con importantes atrasos e continúan este tipo de problemas. A entrada en funcionamento dos trens de baixo custo, os Avlo, empezou de igual maneira. O tren Avlo que debía saír de Chamartín o 22 de xullo ás 17:08 horas con destino a Coruña sufriu un atraso de 166 minutos.

Na cuestión da impuntualidade, o Ministerio de Transportes fia todo á posta en marcha do denominado Plan de Mellora da Puntualidade, polo que aínda estamos a esperar e que, para ser efectivo na Galiza, debe ir acompañado do incremento das frecuencias do Eixo Atlántico, aumento de prazas e mellora na adaptación dos horarios.

Pero ademais, Renfe decidiu cambiar o modelo de indemnizacións desde o 1 de xullo, endurecendo os criterios para a devolución de importes debidos a atrasos de trens, deixando en evidencia que a compañía asume os atrasos e trata de sortear a política de devolucións en lugar de abordar un tema que está a empeorar a calidade do servizo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Cales son as causas dos continuos atrasos nos servizos ferroviarios Alvia, Avril e Avlo en, a ou desde Galiza? Que medidas adoptouse para solucionar estes problemas?
2. É consciente dos trastornos que causan estas frecuentes incidencias nos usuarios e usuarias que acaban chegando con horas de demora aos seus destinos?
3. Que medidas vai adoptar o Ministerio de Transportes para terminar coas impuntualidades dos trens? Está listo o Plan de Mellora da Puntualidade? De ser así, en que consiste?



4. Contempla o aumento das frecuencias e prazas nos servizos ferroviarios galegos, especialmente no Eixo Atlántico?
5. Non cre que no caso das obras na estación madrileña de Chamartín-Clara Campoamor a deficiente organización causou certo caos que repercute en toda a circulación ferroviaria?
6. Como se explica que a estrea dos trens Avril e dos Avlo iniciense con demoras de horas?
7. En que estado atópanse os traballos para a implantación do tren de proximidade en Galiza? Que horizontes temporais manexa?

Madrid, a 23 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los frecuentes retrasos en los servicios ferroviarios y medidas a adoptar.**

El Ministerio de Transportes es consciente de la acumulación de problemas que arrastra el sistema ferroviario en Galiza. Todos los días se produce alguna incidencia, avería o problemas de abastecimiento de energía con los consiguientes retrasos en los servicios ferroviarios que ponen al límite a paciencia de los usuarios y usuarias de tren.

Comenzamos la temporada de septiembre denunciando los constantes retrasos y la falta de plazas en los servicios del Eixo Atlántico en Galiza, en los MD y Avant que fueron especialmente recurrentes hasta los primeros meses de este año, causando numerosas quejas por parte de los usuarios y usuarias.

Hubo que esperar por los trenes Avril más allá de los plazos comprometidos, cuando ya venían precedidos por dos años de demoras. El baile de fechas y las continuas postergaciones fueron la tónica en la implantación de los Avril. Miles de galegos y galegas esperaron expectantes a la fecha anunciada por el Ministro del 1 de marzo para poder comprar los billetes, sin embargo, en los días previos se hizo público que no se pondrían a la venta. Para “compensar” el Ministerio lanzó 2.000 billetes de oferta Madrid-Galiza a partir del 11 de marzo con un sistema de venta deficitario que registró colas digitales de más de una hora de espera.

Las obras de ampliación de la playa de vías en la estación madrileña de Chamartín-Clara Campoamor provocaron una remodelación de los servicios y



están causando demoras que junto con el robo de cobre, caídas de catenarias, falta de suministro eléctrico y otras averías están convirtiendo los viajes ferroviarios en una carrera de imprevistos que afecta a los trenes Alvia, a los Avril y ahora a los Avlo a y desde Galiza.

Los trenes Avril se estrenaron con importantes retrasos y continúan este tipo de problemas. La entrada en funcionamiento de los trenes de bajo coste, los Avlo, empezó de igual manera. El tren Avlo que debía salir de Chamartín el 22 de julio a las 17:08 horas con destino a Coruña sufrió un retraso de 166 minutos.

En la cuestión de la impuntualidad, el Ministerio de Transportes fia todo a la puesta en marcha del denominado Plan de Mejora de la Puntualidad por el que aún estamos esperando y que para ser efectivo en Galiza debe ir acompañado del incremento de las frecuencias del Eixo Atlántico, aumento de plazas y mejora en la adaptación de los horarios.

Pero además, Renfe decidió cambiar el modelo de indemnizaciones desde el 1 de julio, endureciendo los criterios para la devolución de importes debidos a retrasos de trenes, dejando en evidencia que la compañía asume los retrasos y trata de sortear la política de devoluciones en lugar de abordar un tema que está empeorando la calidad del servicio.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las causas de los continuos retrasos en los servicios ferroviarios Alvia, Avril y Avlo en, a o desde Galiza? ¿Qué medidas se ha adoptado para solucionar estos problemas?
2. ¿Es consciente de los trastornos que causan estas frecuentes incidencias en los usuarios y usuarias que acaban llegando con horas de demora a sus destinos?



3. ¿Qué medidas va a adoptar el Ministerio de Transportes para terminar con las impuntualidades de los trenes? ¿Está listo el Plan de Mejora de la Puntualidad? De ser así, ¿en qué consiste?
4. ¿Contempla el aumento de las frecuencias y plazas en los servicios ferroviarios galegos, especialmente en el Eixo Atlántico?
5. ¿No cree que en el caso de las obras en la estación madrileña de Chamartín-Clara Campoamor la deficiente organización ha causado cierto caos que repercute en toda la circulación ferroviaria?
6. ¿Cómo se explica que el estreno de los trenes Avril y de los Avlo se inicien con demoras de horas?
7. ¿En qué estado se encuentran los trabajos para la implantación del tren de Cercanías en Galiza? ¿Qué horizontes temporales maneja?

Madrid, a 23 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso